

Meu querido Seoane:

De mans de Paco recibín o libro LONXE. Como podes comprender, foi pra min motivo de fonda e grande emoción. Fermoso libro, tanto pol-o contido como pol-a presentación! Merecedes unánimes parabéns de cantos aman a cultura galega. Ofrézovos os meus de todo corazón. Prégoche que llo fagas presente a Varela e máis a Cuadrado, de quenes non teño as señas. Con obras así ben podemos acudir con orgulo a calisquera parte do mundo.

Quero tamén felicitarte moi de veras pol-o gran acerto de GALICIA EMIGRANTE, sin duda a millor revista galega dise tipo que nunca teña eisistido. Agora comenará a vos facer competencia unha nova revista galega que acaba de saír en Madrid e que se chama LA ILUSTRACIÓN GALLEGA. Como dispón de grandes medios, pois trátase de unha publicación subvencionada por "Prensa del Movimiento", supoño que tratarán de facer dela unha publicación moi difundida. Tamén en Vigo os do "PUEBLO" tratan de resucitar a vella "VIDA GALLEGA".

O día 4 vivimos uns intres de viva e plena emoción escoitando o discurso de apertura de curso, que iste ano, como sabes, tocoulle lelo a D. Ramón. Adicouno á emigración galega, tema que por primeira vez e con toda dinidade chegou ó Paraninfo da Universidade compostelán. Falou de tí, de Varela e de moitos outros. A tí adicouche párrafos moi espresivos e moi merecidos. Ó cabo, por boca de D. Ramón, na Universidade de Compostela, onde tí fuches alumno, reconeceuse plenamente o grande mérito da tua labor cultural galega en terras lonxanas. Foi un aito de outa xusticia e tamén de gran valor moral por parte de D. Ramón. O remate démoslle a íl a forte aperta que de boa gana vos houbéramos dado a todos vós. Mándochे copiado o que dixó de tí. Dentro de uns días recibirás o discurso impreso.

Unha aperta moi forte do teu amigo

*R. Piñeiro*

(DO DISCURSO DE APERTURA LIDO POR D.RAMÓN)

.....  
Profesores, ensayistas, poetas, mantienen muy altas llamas en América con alimento de sus vidas. Preferimos el silencio entre dos ondas de un verso, la honfura de un dibujo... Como artista dueño, en su severidad, en su diáfana expresión, de las claves salvadoras de la emigración pensemos en Luís Seoane. Luís Seoane acostumbra a poblar de símbolos sus paisajes apenas suscitados y fugitivos, en artista de un devenir grave, sin angustia. El hombre y la mujer, el niño y el marinero, con la flor y el fruto, el surco y la playa marchan desglosados de circunstancias en una magnífica soledad en que el hombre se reconoce peregrino. En "TAPAS" decora los libros escritos y los no escritos aún, con el trazo seguro de un rayo de sol de San Juan suscitando la inocencia de una Galicia libertada de huellas de tiempo, leve, sorprendida. Seoane en lo íntimo de la tradición sentida con alma de niño suscita los mitos del mar, del poder de la alquimia, de la condena, en "Las Narraciones de un Vagabundo", libro extraño y fuerte de la Colección "Botella al mar", sostenida, como otras en la Argentina, por escritores y artistas gallegos... Llevan el libro también, en la gran metrópoli de la polémica y contraste de las culturas, a una novedad y belleza artística. Nunca el espíritu gallego se había vestido tipográficamente con semejante dignidad... Seoane trasfunde en lo actual las leyendas con una ingenuidad que supone una aproximación del sentido románico y del moderno, del modernísimo en el arte aún escándalo de los medios académicos. Y en el poeta de "Torres de Amor" Lorenzo Varela la amargura se salva en leve sueño. El más fuerte.  
.....